


I Premio Internacional
COMPOSTELA
para álbumes ilustrados




O prazo de presentación remata o 31 de xaneiro de 2008

O Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coa editorial Kalandraka, e no marco da súa VIII Campaña de Animación á Lectura convocan o I Premio Internacional COMPOSTELA para Álbums Ilustrados, coas seguintes bases:

1. Poderán optar ao I Premio Internacional COMPOSTELA para Álbums Ilustrados todas as obras que se poidan incluír na categoría de álbum ilustrado: un libro no que o relato se conta a través de imaxes e textos, de tal maneira que ambos os dous se complementen.
2. As obras poderán ser presentadas en calquera das linguas oficiais da península Ibérica e deberán ser orixinais e inéditas. Non se admitirán aquelas que sexan adaptación doutros orixinais, nin as obras que fosen premiadas noutros concursos.
3. Poderán participar unha ou varias persoas, autores/as de texto e ilustración, de calquera nacionalidade. Quedan excluídos os empregados/as da editorial Kalandraka.
4. Os proxectos poderán presentarse en calquera tamaño, técnica e formato, pero a extensión non deberá superar as 40 páxinas interiores (sen contar gardas nin cubertas).
5. Os autores/as que opten ao premio deberán presentar:
 - Cinco copias do texto.
 - Tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en cor de cada unha delas.
 - Unha maqueta co deseño (ten que incluír o texto, as tres ilustracións finais e o resto das ilustracións bocexadas do proxecto).
6. Nas obras non constará en ningún momento o nome dos autores/as, senón un lema ou pseudónimo. Os datos persoais dos participantes achegaranse nun sobre pechado, que no seu exterior indique o título da obra e o lema ou pseudónimo, e no seu interior o nome ou nomes completos, enderezo, teléfono de contacto, enderezo electrónico, onde se incluírán tamén unha fotocopia do DNI ou pasaporte así como unha breve recensión biográfica.
7. Os traballos serán remitidos ou entregados no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (rúa do Presidente Salvador Allende núm. 4, 15705 Santiago de Compostela), especificando no sobre «I Premio Internacional COMPOSTELA de Álbum Ilustrado». Nos sobres que se entreguen a través de axencias de transportes non deben aparecer os nomes dos autores.
8. O prazo de presentación de orixinais ábrese coa publicación destas bases e remata o 31 de xaneiro de 2008 ás 12:00 horas. A decisión do xurado farase pública o 2 de abril de 2008, coincidindo co Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, no transcurso da VIII Campaña de Animación á Lectura que organiza o Concello de Santiago.
9. O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e ilustración infantil. Actuará de secretaria unha persoa que designen as entidades organizadoras. O premio poderá declararse deserto e a decisión do xurado será inapelable.
10. Establécese un único premio, dotado de 12.000 €, en concepto de adianto polos dereitos de autor. O importe do premio non se fará efectivo ata que o autor/es entreguen a obra rematada para a súa publicación. A obra premiada publicarase en todas as linguas oficiais peninsulares (galego, catalán, éuscaro, castelán e portugués) pola editorial Kalandraka no mes de decembro do ano 2008 que, para tal efecto, asinará os respectivos contratos de edición. Así mesmo, a editorial terá prioridade de publicación daqueles traballos que teñan recibido mención especial do xurado. Este dereito terá vixencia durante un ano, despois do cal o autor/es poderán dispoñer libremente das súas obras.
11. O autor/es comprométese a entregar a obra rematada antes do 1 de setembro do 2008. O ilustrador/a, ademais, comprométese a realizar o resto das ilustracións da obra coa mesma técnica e coa mesma calidade que as presentadas ao concurso.
12. Os orixinais non seleccionados seranlles devoltos aos autores que así o soliciten, no prazo dun mes despois de se producir a decisión. Os orixinais non reclamados serán destruídos unha vez pasado o dito prazo.
13. Se nestas bases quedase algunha cuestión sen precisar, corresponderalle ao xurado establecer a dita cuestión e, se non o fixera, á organización do certame. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra das presentes bases.

Entidades organizadoras: Concello de Santiago de Compostela - Departamento de Educación e Kalandraka Editora.



CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación e Mocidade

Concello de Santiago de Compostela
Departamento de Educación
Praza do Obradoiro nº1
dptoeducacion@santiagodecompostea.org
www.santiagodecompostela.org
Tfno: +34 981 55 44 00
Fax: + 34 981 57 15 11

R/ Italia 37 - oficina 10
36162 Pontevedra
editora@kalandraka.com
www.kalandraka.com
Tfno: +34 986 86 02 76
Fax: + 34 986 10 02 80

kalandraka